

**IDEAS**  
**PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS**  
**9 ABRIL 2023**

**Madalena dinos desde a pedra do  
sepulcro  
Que  
Cristo VIVE**

**1. VER: Pascua**

- **Iniciamos o tempo de Pascua** no que celebramos con moita ledicia que Cristo, que morreu para nós e resucitou, **VIVE** entre nós.
- Fano regálanos un **PERSONAXE** cada semana cun obxecto nas mans que **MANIFESTA** (pon as súas mans en festa) que **CRISTO VIVE**.

***Que sabes da Pascua? Que celebramos nela?  
Imprime el cartel para toda a Pascua de Fano e aprende a canción  
de Unai Quirós***

**2. XULGAR: Madalena dinos que Cristo vive**

- No evanxeo de hoxe, Xoán cóntanos o que sucedeu aquel domingo tras a morte de Xesús: María Madalena viu o sepulcro baleiro. O mesmo lle sucedeu a Pedro e Xoán que viron só as

vendas polo chan. E este é o testemuño de cada un deles: “viu e creu”. Viron a Cristo e anunciárono con ledicia.

### **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- Pascua é **tempo de ledicia**, porque Cristo morreu pero resucitou, vive e está connosco na Igrexa, nos sacramentos, nos pobres.
- O evanxeo fálanos de **María Madalena**, aquela muller pecadora pero que moi de mañá foi ao sepulcro e alí atopouse con Xesús, descubriu que non era un morto senón que estaba VIVO. A pedra do sepulcro aberta e as vendas polo chan confirmárono.
- Outras dúas testemuñas da resurrección foron **Pedro e Juan**, que viron os lenzos polo chan e creron.
- Pedro di en Feitos que son testemuñas da resurrección de Xesús. Hoxe **somos nós** as testemuñas de que Cristo VIVE e está entre nós, atopámonos con el todos os domingos na eucaristía. A Pascua é un bo tempo para ser as súas testemuñas: que se nos vexa seguidores convencidos, alegres, solidarios... Necesítanse máis testemuñas que mestres... Sexamos cristiáns testemuñas.
- Na Pascua acendemos o Cirio Pascual na misa, resplandecente é un recordo, unha chamada de atención de que Cristo vive. A nós tócanos **anunciar alegres que Cristo vive**. Imos saír a anuncialo alí onde nos atopemos.

***Es testemuña alegre de Xesús vivo?  
Como podes selo mellor?***

### **3. ACTUAR: Anuncia que Cristo vive**

- Sé do grupo de Xesús, con orgullo de crer e ser dos seus. Vive a ledicia da Pascua.

***Que imos facer na Semana Santa?  
E na Pascua?***

# LECTURAS

**FEITOS 10, 34 a. 37-43: *Temos comido e bebido con el despois da resurrección.***

**SALMO 117:**

*Este é o día no que actuou o Señor, sexa a nosa alegría e o noso gozo.*

**COLOSENSES 3,1-4: *Buscade os bens de alá arriba onde está Cristo.***

**SAN XOÁN 20, 1-9: *El había de resucitar de entre os mortos.***

**Narrador:** O primeiro día da semana, María a Madalena foi ao sepulcro ao amencer, cando aínda estaba escuro, e viu a laxa quitada do sepulcro.

Botou a correr e foi onde estaban Simón Pedro e o outro discípulo, a quen Xesús amaba, e díxolles:

**M<sup>a</sup> Madalena:** -«*Levaron do sepulcro ao Señor e non sabemos onde o puxeron*».

**Narrador:** Saíron Pedro e o outro discípulo camiño do sepulcro. Os dous corrían xuntos, pero o outro discípulo corría máis que Pedro; adiantouse e chegou primeiro ao sepulcro; e, inclinándose, viu os lenzos tendidos; pero non entrou.

Chegou tamén Simón Pedro detrás del e entrou no sepulcro: viu os lenzos tendidos e o sudario con que lle cubrían a cabeza, non cos lenzos, senón enrolado nun sitio aparte. Entón entrou tamén o outro discípulo, o que chegara primeiro ao sepulcro; **viu e creu**. Pois ata entón non entenderan a Escritura: **que el había de resucitar de entre os mortos**

***Palabra do Señor***